



# O BERCE DAS VERBAS

(CONTOS PARA BEBÉS)

Contos para bebés / Cantigas / Interior

Idade: De 1 a 4 anos

Duración: 35 minutos

@caxoto\_

653 61 61 26

[www.atrastendadoscontos.com](http://www.atrastendadoscontos.com)


# O BERCE DAS VERBAS (Contos para bebés)

PÚBLICO	Bebés de 1 a 4 anos (Acompañados por 1 nai/pai)
DURACIÓN	35 minutos
CATEGORÍAS	Contos para bebés Musica /cantigas Interior
SINOPSE	<p>Tódalas noites a avoa Sara subía á habitación do seu neto máis cativo, sentaba na súa cama e facía dúas cousas. Primeiro contáballe un conto e despois cantáballe unha cantiga. Cos primeiros compases daquela cantiga o seu neto máis cativo Caxoto quedaba durmido coma un tronco cada noite.</p> <p>Con este espectáculo, Caxoto recolle estas lembranzas de entre as brumas da memoria e tenta recompoñer as sensacións, as emocións, a fantasía, a maxia dos primeiros pasos, dos primeiros contos,... nunha función para nenas e nenos de 1 a 4 anos.</p>
NECESIDADES TÉCNICAS	Luz escénica básica Conexión eléctrica Escenario mínimo recomendable: 5 m (boca), 4 m (fondo), 4 m (alto) Equipo de son adaptado ao espazo (o espectáculo conta cun equipo de son de 300w)



# IMAXINARIO

---



Contos cheos de maxia, risas e emocións para disfrutar en familia



Contos para estimular a escoita, a atención, a psicomotricidade fina na primeira infancia



Contos para fomentar a lectura temperá



**A TRASTENDA  
DOS CONTOS**

@caxoto\_  
653 61 61 26  
caxoto@atrastendadoscontos.com  
www.atrastendadoscontos.com

# SOBRE CAXOTO

---

## CAXOTO

Caxoto é a persoa que se atopa tras do mostrador na Trastenda dos Contos. Mestre en educación primaria e sempre ligado ao espazo escénico entra en contacto coa narración oral coa súa chegada á Editorial Kalandraka no 2004. Alí logo de formarse como narrador asume a campaña de animación á lectura que o leva por colexios e bibliotecas de toda Galicia.

A partires de aí comeza un longo camiño no que ir definindo o contador que chegou a ser ben a partires do seu traballo ben a través da formación con algunhas das figuras máis relevantes da narración oral: Paula Carballeira, Cándido Pazó, Celso F. Sanmartín Campanari, Mercedes Hernández, Carolina Rueda, as Escolas de verán de AEDA, ...

Caxoto Contacontos percorreu varias veces toda a xeografía galega con espectáculos de narración oral para público infantil, adolescente e adulto. O seu contar é sinxelo, directo, retranqueiro e cheo de emocionalidades. O seu amplo repertorio toca todos os paus da narración oral: conto tradicional, contemporáneo, contos de creación propia, historias de vida, ... e no seu contar non hai temas tabú.

Dende que no ano 2015 decide vivir exclusivamente do conto participa e repite en varios festivais de teatro e/ou narración oral que o leva por distintos puntos da xeografía española.

- Festival EVA -En Veu Alta (Cataluña)
- Festival Contando Cuentos (Salamanca)
- MIT (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)
- La senda del cuento (Toledo)
- Maratón de los cuentos Guadalajara (sección Inauditos)
- Festival "Falando a Boca Chea" (A Coruña)
- Festival Núbebes (Pontevedra)
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)
- Festival Atlántica (Santiago de Compostela)
- Festival EVA- Era Uma vez no Atlántico (Madeira-Portugal)

